

NOME CIENTÍFICO

Robinia pseudoacacia

Descrición:

Árbore caducifolia que pode acadar uns 20-30 metros de altura. A súa codia é de cor negruzco e está profundamente fisurada. O tronco raramente supera o metro de diámetro e, nas variedades cultivadas, a súa copa é redondeada. Presenta púas nas pólas.



112

As súas follas están compostas por 9-19 foliolos.

Familia: Fabaceae
Orixe: América del Norte
Nome común: Falsa acacia



113



115



114

As súas flores son brancas, moi fragrantas e están agrupadas en inflorescencias racimosas péndulas.

O seu froito, é unha legume moi comprimida e de cor canela.

Robinia pseudoacacia

Hábitat

É orixinaria de América do Norte, crese que, en concreto, da zona dos monte Apalaches. Foi introducida moi tempranamente en Europa procedente de colonias francesas e se espallou con grande éxito polo continente, onde se lle considera unha especie invasora.

En Galicia podémola atopar en solos degradados, como especie pioneira tras incendios forestais e incluso en lugares urbanos, debido á súa gran capacidade de resistencia.

Usos ou propiedades

Presenta un notable uso como especie en ebanistería debido a alta dureza e durabilidade da súa madeira.

É tamén moi utilizada, debido á súa capacidade de supervivencia en solos degradados, como árbore para evitar procesos erosivos ou para fixar noiros.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

O nome do xénero, Robinia, dedicoullo Linneo ao botánico francés Jean Robin, que foi o que introduciu a especie procedente das colonias francesas americanas.

Aínda que semellante ás acacias, realmente non é unha delas, de aí o seu nome de “pseudoacacia”.